

CURSO DE TELEFORMACIÓN A COOPERATIVA É PARA NÓS?

[En colaboración coa Deputación da Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	Do 22 de novembro ao 15 de decembro de 2022	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Haberá 2 sesións virtuais de aprendizaxe os días 23 de novembro e 13 de decembro de 11 a 12.30 h. Horario de titoría: de luns a venres de 11 a 12.30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	A través da aula virtual http://www.aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE PREME [AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial ás persoas que queren coñecer a fórmula do autoemprego cooperativo.
- Mostrar desde un punto de vista práctico e achegado á realidade das persoas participantes, as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Contribuír a que estas persoas coñezan e valoren as cooperativas e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer a experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

PROGRAMA E CONTIDOS

Módulo 1 | O emprendemento cooperativo.

Módulo 2 | Características das empresas cooperativas.

Módulo 3 | A organización cooperativa.

Módulo 4 | Pasos para a constitución da cooperativa. Presentación dunha experiencia cooperativa.

CONTIDOS

Módulo 1 | Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e do convenio de colaboración coa Deputación da Coruña. O emprendemento fronte a outras formas de emprego. O emprendemento colectivo e en cooperativa: Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora. As cooperativas fronte a outros tipos de empresas.

Módulo 2 | Principios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado. Aspectos propios das cooperativas de traballo asociado.

Módulo 3 | A organización nas sociedades cooperativas. O réxime económico e fiscal. A viabilidade económica e societaria.

Módulo 4 | Proceso de constitución. Presentación e participación dunha experiencia cooperativa real. Avaliación do obradoiro.

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, ademais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o teléfono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe. As persoas que non poidan participar nas sesións virtuais terán que reali zar unha actividade complementaria.

DESTINATARIAS

Dirixido a persoas en proceso de busca de emprego, persoas interesadas en incorporarse ao mercado de traballo a través do emprendemento colectivo, grupos promotores de cooperativas, profesionais autónomos e tecido sociocomunitario interesados en compartir servizos, recursos, investimentos, etc, a través do modelo de emprendemento cooperativo.

Esta actividade encádrase na programación do Convenio de Colaboración 2022 entre a Deputación da Coruña e a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.